

APORTACIÓN AO CATÁLOGO MICOLÓXICO (ASCOMYCOTA, BASIDIOMYCOTA) DAS RIBEIRAS DO RÍO CASELAS (PONTEVEDRA, N.O. DA PENÍNSULA IBÉRICA)

por
O. REQUEJO*

REQUEJO, O. 2014. Aportación ao catálogo micolóxico (*Ascomycota*, *Basidiomycota*) das ribeiras do río Caselas (Pontevedra, N.O. da Península Ibérica). *Mykes* 17: 13-21.

RESUMO:

Cítanse 12 taxa novos para o catálogo do río Caselas, acompañanse de fotografías e comentarios das especies máis relevantes.

Palabras clave: *Ascomycota*, *Basidiomycota*, Salceda de Caselas, Galicia, Península Ibérica.

REQUEJO, O. 2014. Contributions to mycological catalogue (*Ascomycota*, *Basidiomycota*) from the Caselas river (Pontevedra, NW of the iberian peninsula). *Mykes* 17: 13-21.

SUMMARY:

12 taxa to increase the catalogue of the river Caselas are recorded, accompanied by pictures and reviews of the most relevant species.

Key words: *Ascomycota*, *Basidiomycota*, Salceda de Caselas, Galicia, iberian peninsula.

INTRODUCCIÓN

En traballos recentes menciónase a presenza nas ribeiras do río Caselas (Pontevedra) de *Clavaria acuta* Sowerby e *Typhula anceps* P.Karst. (REQUEJO et ANDRÉS RODRÍGUEZ, 2013), *Marasmiellus tricolor* (Alb. et Schwein.) Singer (REQUEJO, 2014) e, *Hypholoma subericaceum* (Fr.) Kühner e *Cyathus stercoreus* (Schwein.) De Toni (REQUEJO et CASTRO, 2014).

* San Xurxo, A Laxe nº12B, Salceda de Caselas E-36473-Pontevedra. e-mail: oscarequejo@hotmail.com

Membro do Grupo Micolóxico Galego Luís Freire¹




Fig. 1 *Geoglossum umbratile*

Demostrando unha vez máis a gran riqueza que alberga a zona, presentamos os novos estudos de catalogación da súa micoflora coa aportación de especies interesantes e inéditas.

METODOLOXÍA

Na elaboración de este artigo mantense a mesma metodoloxía, o mesmo marco xeográfico así como o mesmo formato de presentación dos resultados que os utilizados nos traballos anteriores de REQUEJO (2012) e REQUEJO et ANDRÉS RODRÍGUEZ (2012).

RESULTADOS

ASCOMYCOTA

Orde *Helotiales*, Familia *Geoglossaceae*.

***Geoglossum umbratile* Sacc., Michelia** 1(4): 444. 1878 [Fig. 1]

Entre mofos en zona areosa, I-III-2013, O.Requejo, REQ-Fungi 490.

Orden *Pezizales*, Familia *Helvellaceae*.

***Helvella helvellula* (Durieu et Mont.) Dissing, Rev. Mycol. (Paris)** 31: 204. 1966

Entre mofos en zona areosa, I-III-2013, O.Requejo, REQ-Fungi 491.



Orde *Pezizales*, Familia *Pyronemataceae*.

Fig. 2 *Tarzetta catinus*

Tarzetta catinus (Holmsk.: Fr.) Korf et J.K.Rogers, *Phytologia* 21 (4): 206. 1971 [Fig. 2]

Entre mofos en zona areosa, I-III-2013, O.Requejo, REQ-Fungi 492.

Orde *Pezizales*, Familia *Sarcoscyphaceae*.

***Sarcoscypha austriaca* (Beck ex Sacc.) Boud., *Hist. classific. discomyc.* Europe: 55. 1907. [Fig. 3]**

Material estudado: Embalse de As Covas, baixo *Alnus glutinosa*, 12-I-2012, O.Requejo, REQ-Fungi 484. Muiño de Figueiras, baixo *Alnus glutinosa*, 8-II-2014, M.Martínez e O.Requejo, REQ-Fungi 424.

Macroscopía: Ascoma en forma de cunca que pode chegar a expandirse e acadar os 60 mm de diámetro, cor escarlata no himenio e branca alaranxada, branca avermellado ou branca rosada na parte estéril, aresta sutilmente dentada e tomentosa. Sésil ou pedicelado, pé recuberto dun tomento branqueciño que habitualmente recobre o resto da parte externa do apotecio.

Microscopía: Esporas de (20)22-42 x 11-14,5(16) μ m, elipsoides cos extremos truncados, raramente romos, ornamentadas con gotas lipídicas de 6,5 μ m de diámetro de media e recubrimentos mucilaxinosos nalgúñas zonas. Ascas operculadas ata 450 x 15 μ m, cilíndricas. Paráfisis filiformes, septadas con engrosamentos nas





Fig.3 *Sarcoscypha austriaca*

A: espora cos extremos truncados

B: espora, forma conidióxena

C: hifas tortuosas do excípulo

D: paráfisis pigmentadas

E: hábito

Fig. 3 *Sarcoscypha austriaca*



Fig. 4 *Inocybe hystrix*

xuntas. Excípulo ectal formado por hifas filamentosas tortuosas, tipo corkscrew-like (BARRAL, 2004).

Observacións: Esta especie estudouse en fresco seguindo as indicacións de BARRAL (2004), para poder apreciar mellor aspectos como o recubrimento mucilaxinoso nas esporas ou as gotas lipídicas. Dada a avanzada madurez do ascoma, observouse como nalgunhas delas comezaban a xerminar formacións conidióxenas.

É imprescindible o uso do microscopio para separar as especies do xénero *Sarcoscypha*, as máis similares a *S. austriaca*

posiblemente sexan *S. jurana* (Boud.) Baral, asociada exclusivamente a madeira de árbores do xénero *Tilia* e coas esporas ornamentadas con dúas grandes gotas lipídicas nos extremos e *S. coccinea* (Jacq.: Fr.) Lambotte, cos extremos das esporas maioritariamente convexos, hifas do excípulo erectas e non ligada a *Alnus* (MONEDERO GARCÍA, 2009).

BASIDIOMYCOTA

Orde Agaricales, Familia Coprinaceae.

***Coprinus comatus* (O.F.Müll.: Fr.) Pers., Tent. disp. meth. fung.: 62. 1797**

Zona de terra recentemente revolta, 17-X-2013, O.Requejo, REQ-Fungi 514.

Orde Agaricales, Familia Cortinariaceae.

***Inocybe hystrix* (Fr.) P.Karst., Bidr. Känn. Finl. Nat. Folk 32: 453. 1879**
Baixo *Alnus glutinosa*, 23-III-2013, O.Requejo, REQ-Fungi 498. [Fig. 4]

Orde Agaricales, Familia Inocybaceae.

***Crepidotus cesatii* (Rabenh.) Sacc., Michelia 1(1): 2. 1877**

Sobre madeira de *Alnus glutinosa*, 16-X-2013, O.Requejo, REQ-Fungi 501.

Orde Agaricales, Familia Marasmiaceae.

***Atheniella flavoalba* (Fr.) Redhead, Moncalvo, Vilgalys, Desjardin et B.A.Perry, *Index Fungorum* 14: 1. 2012. [Fig. 5-6]**

=*Mycena flavoalba* (Fr.) Quél., *Mém. Soc. Émul. Montbéliard*, sér. 2, 5: 103. 1872

Material estudado: Sobre tronco vivo recuberto de mofos de *Alnus glutinosa*, 22-XI-2009, O.Requejo, REQ-Fungi 66. Ibidem 26-X-2012, REQ-Fungi 452. Ibidem, 25-X-2013, REQ-Fungi 512.

Macroscopía: Pileo de 3-7 mm de diámetro, acampanado, con tendencia a aplanarse pero sen chegar a facelo totalmente, en ocasións lixeiramente umbonado, máis evidente cando é novo. Cor branca con reflexos amarelentos a amarelo citrino, aspecto brillante en tempo húmido. Láminas adnadas ou



Fig. 5 *Atheniella flavoalba*




Fig. 6 *Atheniella lavoaiba*. A, basidio; B, esporas; C, queilocistidios; D, hifas da pelis.

sutilmente decorrentes, que rondan as vinte, con unha ou dúas lamélulas onduladas intercaladas, cor branca as veces con reflexos citrinos, aresta concor. Pé de 12-20 x 1-1,5 mm, cilíndrico, branco, branco translúcido, ápice pruiñado, base engrosada e recuberta de pelos brancos na zona de suxeición ao substrato. Trama branca, sen cheiro nin sabor salientable. Os carpóforos toman cor amarela xofre en *exsiccata*.

Microscopía: Basidios craviformes, bispóricos de 24-27 x 7-8 μm . Esporas de 6,8-8,9(9) x (4,5)4,7-5,4(5,5) μm , $Q_n = 1,6$ ($n=40$), elipsoides, anchamente elipsoides, incluso algunha subglobosa. Queilocistidios de 35-40 x 9-11 μm , fusiformes, co ápice máis menos alargado ou mucronado, en ocasións cuberto dunha masa mucilaxinosa. Hifas da pelis con divertículos, algúns longos e tortuosos de ata 32 μm de longo e 2 μm de diámetro. Hifas superficiais do pé ata 7,5 μm , con protuberancias de ata 14 μm , globosas ou subglobosas, as veces pedunculadas. Fíbulas non observadas.

Observacións: Os exemplares estudados presentaban algunha diferenza coas descrições dos autores consultados (ROBICH, 2003; ARONSEN, 2002-2012), como o hábito cortícola, sendo en terra e sobre restos vexetais segundo os autores citados. Ademais o material do Caselas tiña basidios bispóricos sendo tetraspóricos na bibliografía.

Orde Agaricales, Familia *Strophariaceae*.

***Hebeloma sacchariolens* Qué.**, Bull. Soc. Amis Sci. Nat. Rouen, sér. 2, 15: 185. 1880

Baixo *Salix atrocinerea*, 8-X-2013, O.Requejo, REQ-Fungi 507.

Orde Agaricales, Familia *Typhulaceae*.

***Macrotyphula juncea* (Alb. et Schwein.: Fr.) Berthier**, Bull. Mens. Soc. Linn. Soc. Bot. Lyon 43(6): 186. 1974. [Fig. 7]

Material estudado: Sobre follas de *Rhamnus frangula*, 30-X-2013, O.Requejo, REQ-Fungi 511.

Macroscopía: Basidiocarpos filiformes ou aciculares de hasta 35 mm de longo e 1 mm de ancho, cor parda alaranxada a crema pálida. Base do pé tomentosa.

Microscopía: Basidios claviformes de 35-40 x 8-9 μm . Esporas 8-10 x

4,5-5,5(6) μm ,
amigdaliformes.
Caulocistidios
filiformes e sen septos
que sobrepasan 200
 μm . Fíbulas presentes.

Observacións:

Especie moi variable,
sobre todo nas medidas
esporais (CORNER,
1950). Na colección
estudada destaca o
pequeno tamaño dos
carpóforos, que apenas




Fig. 7 *Macrotyphula juncea*

chegaban a 35 μm , podendo medir ata 150 μm (CORNER, 1950). O taxon *Typhula phacorrhiza* (Reichard) Fr. é moi similar macroscópicamente, pero ten esclerocio e as esporas máis grandes, 11-15 x 4,5-5,5 μm (BREINTENBACH et KRÄNZLIN, 1986).

Orde *Boletales*, Familia *Boletaceae*.

***Xerocomus subtomentosus* (L.: Fr.) Quél., Fl. mycol. France: 418. 1888**
Baixo *Vitis vinifera*, 25-IX-2013, O.Requejo, REQ-Fungi 502.

Orde *Polyporales*, Familia *Polyporaceae*.

***Erastia salmonicolor* (Berk. et M.A.Curtis) Niemelä et Kinnunen**
in Niemelä, Kinnunen, K.H.Larss., Schigel et E.Larss.,
***Karstenia* 45(2): 76. 2005 [Fig. 8]**

=*Hapalopilus salmonicolor* (Berk. et M.A.Curtis) Pouzar, *Česká Mykol.* 21(4):
205. 1967

Material estudado: Sobre madeira de *Pinus pinaster*, 20-VII-2013, O.Requejo, REQ-Fungi 517.

Macroscopía: Basidioma resupinado que recobre no substrato superficies de máis de 15 cm, e ten ata 10 mm de espesor. A cara fértil é porada, con poros redondos a angulosos, desiguais en tamaño, cor variable, alaranxada, salmón, rosada, amarelenta, púrpura con KOH 10%; tubos máis escuros. Na zona de crecemento a superficie é afeltrada.

Microscopía: Esporas de $3,5-5 \times 2 \mu\text{m}$, de subcilíndricas a elipsoides. Sistema hifal monomítico con hifas de $3,5-4 \mu\text{m}$ de diámetro e septos fibulados.

Observacións: É un taxón raro, tradicionalmente incluído no xénero *Hapalopilus* P.Karst. que no 2005 se recombinau como *Erastia* Niemelä et Kinnunen (NIEMELÄ et al., 2005).



Fig. 8 *Erastia salmonicolor*

AGRADECEMENTOS

O autor desexa agradecer a Nicanor Floro Andrés, pola axuda nas fotografías microscópicas de *S. Austriaca*, a Marisa Castro pola achega bibliográfica e a José Rodríguez Vázquez pola revisión.

BIBLIOGRAFÍA

ARONSEN, A. (2002-2012). *Mycena* page. A key to the mycenae of Norway. <http://home.online.no/~araronsen/Mycenakey/index.htm> [Consultado o 19-12-2013]

- BARAL, H.O. 2004. The European and North-American species of *Sarcoscypha*. <http://www.gbif-mycology.de/HostedSites/Baral/Sarcoscypha.htm> [Consultado o 15-1-2012]
- BREINTENBACH, J. et KRÄNZLIN, F. 1986. *Champignons de Suisse. Tome 2. Champignons sans lames. Hétérobasidiomycètes, Aphyllophorales, Gastéromycètes*. Ed. Mykologia. Lucerne.
- CORNER, E.H.J. 1950. *A monograph of Clavaria and allied genera*. Oxford University press. London.
- MONEDERO GARCÍA, C. 2009. El género *Sarcoscypha* en el norte de la Península Ibérica. *Errotari* 6: 64-72.
- NIEMELÄ, T., KINNUNEN, J., LARSSON, K.-H., SCHIGEL, D.S. et LARSSON, E. 2005. Genus revisions and new combinations of some North European polypores. *Karstenia* 45(2): 75-80.
- REQUEJO, O. 2012. Catálogo micológico (*Ascomycota*, *Basidiomycota*) das ribeiras do río Caselas (Pontevedra, N.O. da Península Ibérica). *Mykes* 15: 9-90.
- REQUEJO, O. 2014. *Marasmiellus tricolor* (Alb. et Schwein.: Fr.) Singer, unha especie pouco frecuente recollida en Galicia. *Mykes* 16: 19-23. [2013]
- REQUEJO, O. et ANDRÉS RODRÍGUEZ, N.F. 2012. Catálogo de *Myxomycetes* (*Protozoa*) das ribeiras do río Caselas. *Mykes* 15: 91-107.
- REQUEJO, O. et ANDRÉS RODRÍGUEZ, N.F. 2013. Algunos hongos clavarioides de interés corológico para el noroeste de la Península Ibérica. *Yesca* 25: 111-122.
- REQUEJO, O. et CASTRO, M. 2014. Algunas especies de macromicetos interesantes recolectadas en Galicia. *Bol. Micol. FAMCAL* 9: 11-19.
- ROBICH, G. 2003. *Mycena d'Europa*. A.M.B. Trento.